

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 16/07/2018 9:40:55

SAIDA 9547/18

D. Miguel A Delgado González
(Plataforma en Defensa del Sector
Marítimo Pesquero de Galicia
PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera nº28, 2º D.
15.005 A CORUÑA

Reclamante:

Expediente. Nº **RSCTG 045/2018**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), mediante escrito do 2 de abril de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), presentou mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 2 de abril de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información solicitada ao Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), no que solicitaba informes, convenios ou contratos de carácter público que emanen do CICA-INIBIC UDC, copias das auditorías realizadas e de cada un dos proxectos xustificadas que emanan do CICA INIBIC na UDC e a Xunta de Galicia como órganos fundacionais e de tutela, subvencións e axudas públicas que consten en INIBIC UDC con indicación do seu importe e obxectivo, os orzamentos, con descrición de orzamentarias e información actualizada estado de execución para o Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP), as contas anuais e os informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control que sobre o CICA INIBIC UDC se emitiron, as retribucións percibidas anualmente pola altos cargos da administración, convidados oficiais, funcionarios, declaración de ausencia de conflito de intereses que emanen do CICA INIBIC UDC, informe xustificativo do financiamento das campañas e recursos dedicados para o CICA INIBIC UDC incluído o custo dos servizos web financiados con recursos públicos e copia ou identificación do persoal público dependente do CICA INIBIC UDC cuxo orixe ou relación co SEGAS pódase documentar e destinado a xestionar os seus fondos públicos e organizar actividades, copia ou informe dos convenios para o efecto.

A reclamación ven acompañada de copia de diversas follas con información sobre o citado centro, unha folla contendo o persoal do centro de Investigación Biomédica, unha folla contendo o curriculum do director do Centro Gerontolóxico La Milagrosa e copia dun correo

electrónico no que o coordinador do CICA lle informe que o Grupo de Investigación en Gerontoloxía (GIG) non ten ningunha vinculación co CICA-INBC, polo que considera que non procede a remisión da información solicitada.

Terceiro. Con data do 13 de abril de 2018, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Rectorado da Universidade da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 18 de abril de 2018 e con data do 4 de maio a Secretaría da Universidade de Santiago de Compostela remite un escrito no que remite os enlaces ás páxinas institucionais do CICA e da UDC nas que se atopa publicada a información solicitada polo recorrente, e informando que o INIBIC é un organismo público adscrito ao SERGAS.

A Secretaría da Comisión da Transparencia intentou acceder ao enlace remitido (https://documenta.udc.es/share/s/dOevOyiFS_WLAuXFtD_00A), obtendo o seguinte resultado:

"Página no disponible Parece que este enlace al fichero compartido se ha eliminado".

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 establece que o procedemento se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra

resolucións en materia de acceso á información ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustándose a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

O artigo 24 da Lei 1/2016 recoñece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo calquera persoa, sen necesidade de que o solicitante estea obrigado a motivar a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 26.4 da Lei 1/2016.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado. Dado que a resolución da Universidade de Santiago de Compostela é do 25 de marzo de 2018 e a reclamación presentouse con data do 30 de marzo, debese considerar presentada en prazo.

Quinto. Análise do expediente

O Sr. Delgado presentou ante o Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade da Coruña, unha solicitude de acceso a unha documentación que considera está en poder do referido Centro. Nin o Centro nin á Universidade da Coruña remitiulle a información, limitándose a remitirlle un correo electrónico (cuxa copia aporta o recorrente), do coordinador do CICA no que se lle informe que o Centro de Estudos Gerontolóxicos non ten vinculación coa Agrupación Estratéxica CICA-INBC.

A Secretaría Xeral da Universidade da Coruña non remitiu o expediente nin o informe solicitado pola Comisión da Transparencia, limitándose a enviar un oficio no que remite un enlace ás páxinas institucionais do CICA, á que se intentou acceder pola Secretaría desta Comisión, como se fixo referencia no punto terceiro doa antecedentes, non podendo acceder á mesma.

En todo caso, a documentación solicitada non cabe dúbida que pode encadrarse dentro do concepto de información pública que establece o artigo 24 da Lei 1/2016, polo que a Universidade da Coruña ten a obriga de proporcionarlle ao solicitante, debendo lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obriga de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

Ase mesmo, a Universidade da Coruña non remitiu o informe e o expediente solicitado por esta Comisión, polo que lémbbraselle, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de facilitar á Comisión a información que se lle solicite para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de información referente ao Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA).



Segundo: Instar á Universidade da Coruña a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, a que responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar á Universidade da Coruña a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada ao reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga